

Capítulo IV

A “Solución Final”

I.- Un asasinato masivo programado

1. Organizar: a “Conferencia” de Wannsee (Berlín), 20 de xaneiro de 1942.- O crime masivo ten que ser pensado, organizado e planificado. Tal é o obxecto da “Conferencia” de Wannsee, prevista inicialmente para o 9 de xaneiro de 1941 (cando os asasinatos con gas xa comezaran o 7 de decembro en Chelmno), pero fora atrasada pola entrada na guerra dos Estados Unidos. Na ausencia de Hitler, o que organiza a “Conferencia” é fundamentalmente Heydrich, reúne a unhas quince persoas entre as cales se atopa Eichmann. As súas notas constitúen a acta oficial da reunión. En Wannsee discútense as diferentes técnicas de “exterminio”: censos, arrestos, transporte, deportacións e execucións (“evacuacións” en linguaxe clave).

Os responsábeis nazis teñen que anovar. O xenocidio dos Armenios perpetrado polos turcos é, segundo eles, o anti-modelo do que cómpre levar a cabo. De todas maneiras, aprovéitanse da experiencia acumulada dende 1933 nos tres eidos até daquela non relacionados: emigración forzada despois da expropiación, internamento (o sistema concentracionario está preparado dende 1933), e finalmente, o masacre dos “residentes dos hospitais psiquiátricos”, cometido esencialmente entre 1939 e 1941. A “Solución Final”, da que se fala en Wannsee funde estes tres programas nun só. É moi importante a experiencia adquirida dende 1933 na política do crime de Estado que a Alemaña hitleriana pon a punto para o asasinato de todo un pobo en lugares concibidos para este único fin.

O protocolo final de Wannsee, asinado por Heydrich, estipula: “dende agora a emigración cédelle o lugar a outra posibilidade de solución: a evacuación dos xudeus cara ao Leste, solución adoptada co beneplácito do Führer (...). A Solución Final do problema xudeu en Europa ten que serlle aplicada a arredor de once millóns de persoas (...). Dentro do marco da Solución Final do problema, os xudeus teñen que ser transferidos ben vixiados cara ao Leste, e unha vez alí, deben ser destinados ao servizo do

traballo (...). Nin que dicir ten que moitos deles vanse eliminar de seu dado o seu estado de deficiencia física. O residuo que subsista – e que hai que considerar como a parte máis resistente- deberá ser tratada en consecuencia. En efecto, a experiencia da historia demostra que unha vez liberada, esta elite natural leva nela en xermolo os elementos dun novo renacemento xudeu. Coa mirada posta na xeneralización práctica da Solución Final, Europa ha ser varrida de Oeste a Leste.(...).”

A conferencia prevé comezar as deportacións das poboacións polos territorios do Reich e do Protectorado, sempre co fin da súa destrución, continuar logo polo “Goberno Xeral”, e concluír, “limpando Europa a eito” de Oeste a Leste⁷⁹. Non se crea ningún organismo suplementario nin se desbloquea ningún tipo de orzamento especial. Todo corre por conta da administración corrente, comezando polos ferrocarrís dos alemáns, un asunto no que as comunidades xudías se ven espoliadas e obrigadas a pagar polo seu propio rescate, converténdose nos accionistas dos seus propios asasinatos. A máquina de asinato masivo penetra nos intersticios da burocracia normal. A política do asinato masivo compenétrase coa sociedade alemá. Oficialmente, a oficina encargada da “cuestión xudía” non é máis ca unha subsección das sete que posúe o RSHA. En realidade, a “oficina xudía”, a sección IV-B4, adquire axiña unha importancia tal que deixa na sombra ao resto das ramas do aparello represivo.

Aínda se han de manter outras dúas conferencias dedicadas á “Solución Final”, unha en marzo⁸⁰ e logo outra en outubro de 1942.

2. Planificar: censar, espoliar e deter.- O proceso burocrático da destrución do pobo xudeu vai constar de catro etapas: identificar as vítimas, confiscar os seus bens, restrinxir a súa liberdade de movementos e rematar coa súa deportación.

Nos territorios ocupados do Oeste, os alemáns ordenan o censo dos xudeus perante as autoridades locais, a falta de poder erixir guetos como no Leste. Esta é a primeira medida previa aos arrestos que van seguir aos reagrupamentos nos campos de tránsito, agardando a que se produzan as deportacións cara aos centros de asinato masivo en 1942.

Así, nos Países Baixos, por exemplo, vaise ordenar o censo dos xudeus en xaneiro de 1941, a marcaxe do seu documento de identidade será en xuño e a obrigación de levar a estrela amarela vai ser unha medida que tomen os alemáns en maio de 1942, antes que xeneralicen a medida en toda Europa no mes seguinte. Despois disto, os arrestos e as redadas ateigan os campos de tránsito de Vught, ao Sur, e sobre todo, o de Westerbork no

⁷⁹ A conferencia tamén trata os “casos concretos” de xudeus alemáns maiores de sesenta e cinco anos que participaron na Primeira Guerra Mundial, de “sangue-mesturados” (*Mischlinge*), de xudeus casados con un cónxuxe “ario”, e, en fin, de xudeus que traballan nun sector vital para a economía de guerra alemá.

⁸⁰ O 6 de marzo de 1942, reúnense na RSHA en Berlín para arranxar os “detalles prácticos”, entre os que se atopaba a esterilización dos “mestizos” (*Mischlinge*).

Norte de Holanda. En Luxemburgo, en Noruega e en Bélxica desenvólvese un escenario case idéntico no que se ordena o censo dos xudeus.

Ao mesmo tempo que se produce o censo e o alistado forzado, tanto as comunidades xudías como os particulares teñen que rexistrar obrigatoriamente os seus bens. É a primeira etapa do espolio, bautizada co nome de “arianización”. Os administradores arios, axiña asaltan as empresas xudías. Lévese a cabo un plano traballado polo miúdo coa intención de expropiar os xudeus para repatriar todo o botín cara a Alemaña. En Polonia, o saqueo de comunidades numerosas pero pobres pasa pola explotación do traballo servil, é dicir, do traballo forzado, facilitado polos *Judenräte*, que son os encargados de elaborar as listas de escravos. En cambio no Oeste, onde as comunidades son menos numerosas pero máis ricas, a pillaxe comezará polo espolio dos bens. Os alemáns saquean directamente os bens xudeus (como en Bélxica e nos Países Baixos) pero cando poden prefiren empregar intermediarios locais (como o goberno de Vichy, en Francia). En todos os territorios ocupados, os bens espoliados son retidos en depósito, liquidados e “arianizados” á agarda de seren enviados cara a Alemaña.

O espolio sempre se ve referendado pola lei: as novas leis permiten bloquear as contas, confiscar os bens móbeis e inmóbeis, embargar as empresas e anular as disposicións testamentarias anteriores. En Alemaña, toda posesión persoal de máis de cen reichmarks e 50 kg de equipaxe queda confiscada no momento da deportación. O roubo continúa até o umbral das cámaras de gas: as pertenzas persoais amoréanse en almacéns que os deportados bautizan co nome de “Canadá”, o ouro extraído das dentaduras dos cadáveres serven para pagar o asasinato masivo, entre outras cousas, os transportes que a Reichsbahn⁸¹ factura como “tarifa de grupo” a partir de catrocentos deportados.

3. Deportar. –As deportacións masivas comezan en 1942. O RSHA e o Ministerio de Transportes (onde só operan funcionarios civís) organizan conxuntamente eses envíos de deportados que sempre terán prioridade sobre calquera outro tipo de transporte mesmo a comezos de 1945. Para acelerar o proceso, eses convois que figuran baixo a rúbrica “trens especiais” algunhas veces aparecen baixo categoría de “trens das forzas armadas” e son rexistrados como calquera outro tipo de tren. Dende outono de 1941 á primavera de 1945, Alemaña organiza setecentos dez convois de deportados dos cales douscentos sesenta corresponden a xudeus alemáns,

⁸¹ O mesmo departamento de “trens especiais” supervisa os transportes de vacacións e os convois de deportados.

austriacos e checos⁸²; deste cómputo queda excluído o xudaísmo polaco e soviético, cuxas perdas representan dous terzos das vítimas da Shoah.

Amoreados en vagóns de mercadorías nos que caberían corenta homes como máximo, reclúen neles a cen e mesmo a cento vinte persoas nun espazo hermeticamente fechado, sen aire practicamente, sen auga e sen alimentos, conxelados en inverno, abafados en verán dentro de vagóns que poden permanecer inmovilizados ao sol durante horas e onde a temperatura pode subir até o 60° C: o asasinato masivo comeza antes de chegar a Polonia. Converxen cara aos centros de aniquilación transportes de toda Europa: do Oeste (Bélxica, País Baixos e Francia), do centro (o Reich de onde saen os primeiros convois, Checoslovaquia, Iugoslavia e Hungría sobre todo) e do Sur (Grecia). Preto de tres millóns de xudeus foron enviados así en “viaxes” que duraban de dous a doce días.

En numerosos casos, (como o de Varsovia), as deportacións teñen lugar en condicións abominábeis. *Hiwis*⁸³ e policía amorean as vítimas. Un dos gardas conta: “Cando a cousa non ía ben, servíanse de látegos e fusís. Cargalos nos trens resultaba simplemente abraiante. Esta xentiña facía un barullo dos demos, porque cargabamos dez ou vinte vagóns ao mesmo tempo. (...) Unha vez o vagón cargado, fechábanse as portas e remachábase con cravos.”⁸⁴. Un capitán de policía de Lwow (Lemberg) redacta un informe relativo a un “cargamento” composto de preto de catro mil oitocentos xudeus que foron amontoados a cento oitenta e mesmo duascenas persoas por vagón, enviado o 7 de setembro precedente; para evitar evasións cérranse as poucas aberturas que quedaban; o 10 de setembro de 1942, deciden aumentar o convoi co cal a capacidade total ascende a oito mil duascenas cinco persoas. Ese informe constata que “debido á calor, á sobrecarga dentro dos vagóns, á putrefacción dos cadáveres -no momento da descarga encontráronse unhas dúas mil persoas mortas no tren - e o pánico que aumentaba entre os xudeus fixo o transporte case impracticábel.”⁸⁵.

No momento de abrir os vagóns precintados, encóntranse moitos mortos e moribundos: esta é a primeira “selección”. Os vagóns descargan sobre unha rampla á que acoden zombis con uniformes raiados, óense as ordes aos berros, “*Alle heraus!*”, “*todos fóra!*”. As estacas, os cans e a violencia espantosa dan a impresión de que entran nun universo demencial.

⁸² Dos Países Baixos saen cento un convois, setenta e nove de Francia, sesenta e tres de Eslovaquia, vinte e seis de Bélxica, etc.

⁸³ Algunhas veces chamados *Trawniki* porque foron adestrados neste campo da SS (situado no “Goberno Xeral”, ao Leste de Lublin), son prisioneiros de guerra ucráinos, letóns, lituanos, teimudamente antirrusos, antisemitas, recrutados como “voluntarios” pola SS. De aí o seu nome oficial *Hilfswillige* ou *Hiwis*.

⁸⁴ En *Des hommes ordinaires*, op. cit., p. 128.

⁸⁵ *ibídem*, p. 48-53.

Esgotados, sedentos, aterrados, atrapados pola rapidez extrema, como quere a SS, do que se desenvolve ante a súa mirada, paraliza de tal maneira os deportados que se ven incapaces de reaccionar. A rampla baléirase en menos dunha hora, as familias quedan desmembradas e o mundo normal esgázase. “Ningún deles, nin nos seus peores soños, podería ter imaxinado que en tres ou catro horas iría quedar reducido a cinzas”, conta⁸⁶ Filip Muller, supervivente do *sonderkommando* de Auschwitz.

Moitos dos deportados esgotados ou case moribundos, son conducidos directamente aos foxos onde son rematados. Os que son “seleccionados” para o traballo, pasan a primeira noite en vela. Uns cólganse e outros envelénanse co cianuro que levan consigo.

II.- Os centros de aniquilación

1. A “*Aktion Reinhardt*”.- As matanzas perpetradas polos *Einsatzgruppen* non son nin eficientes nin seguras nin xeneralizábeis ao resto de Europa. Cómpre matar en masa pero máis rápida e discretamente, como pensara Himmler despois da súa visita aos lugares do masacre en agosto de 1941⁸⁷ e, así, vaise empregar o modelo do “programa T4”. A teor disto, no outono de 1941, os Alemáns levantan en Chelmno, preto de Lodz, un centro de aniquilación mediante “camións de gas”. Dentro destes vehículos, construídos por firmas alemás, como Diamond, Opel-Blitz e sobre todo Saurer, pódense cargar de sesenta a setenta vítimas. Reintrodúcese dentro do camión o monóxido de carbono dos motores diésel, que previamente se prepararan cun tratamento especial na fábrica (a petición das SS).

Os xudeus que foron capturados nas rexións dos arredores, son conducidos a lugares relativamente illados, sen endexamais selo na súa totalidade, porque se precisan infraestruturas mínimas. Despois de mandalos espirse, de recoller os obxectos de valor, e do ritual das falsas duchas antes da “reinstalación” máis ao Leste (ou o envío para traballar en Alemaña), as vítimas son obrigadas a subir no camión, onde unha vez que se lles fechan as portas en medio da escuridade, do pánico, da angustia, do desespero, dos berros⁸⁸, de ataques de vertixe e de náuseas, son asfixiados co gas do motor, estando o camión parado na maior parte dos casos. Consumado o asasinato e unha vez chegado o silencio, o camión arrinca

⁸⁶ En C. Lanzmann, *Shoah*, 1985.

⁸⁷ Despois desta visita, que se produciu entre o 15 e o 16 de agosto de 1941, Himmler decide fabricar tres camións de gas a imitación dos empregados na “*Aktion T4*”. Os primeiros “ensaíos” realízanse o 16 e 18 de setembro de 1941 en Mohilev e en Minsk. Realízanse novos “ensaíos” o 3 de novembro de 1941, con detidos do campo de Sachsenhausen.

⁸⁸ “Os berros ían cada vez a máis, eran demenciais. Berros aterradores” (Sra. Michelsohn, en C. Lanzmann, *Shoah*).

cara ao bosque veciño onde hai un “comando xudeu do traballo” que abre as portas, descarga e amoreira os cadáveres diante dun foxo que eles mesmos prepararon de antemán.

Algúns camións poden facer catro ou cinco traxectos ao día, pero o procedemento aínda non é satisfactorio: “nin o alcol nin os discursos nin os camións de gas, conseguen tranquilizar de todo a conciencia dos verdugos”⁸⁹.

Chelmno é o primeiro deses centros de aniquilación, comeza a “funcionar” o 8 de decembro de 1941 e está case exclusivamente⁹⁰ destinado a masacrar os xudeus do *Warthegau*, lugar ao que deportaran tamén a outros xudeus do Reich e a xitanos. Para este fin empréganse tres camións de gas. Despois da guerra, conta Kruszczyński, un dos residentes do lugar: “Observaba os convois de xudeus e a maneira de tratalos era dunha crueldade sen exemplo. Estaba prohibido darlles auga. Os máis febles ou os que andaban arrastrándose eran abatidos. (...)Despois da pasaxe dos convois, a poboación local atopaba polos camiños ouro e obxectos preciosos”.

As vítimas sabían que eran conducidos á morte. Segundo conta un dos membros dos *kommandos* : “dentro do camiión, algúns vomitaban, outros íanse por si, outros seguían estando conscientes o tempo suficiente como para asistir á agonía dos demais. Despois de abrir as portas, escapaba unha nube de fume, e cando se dissipaba podíamos comezar o noso traballo. Era un espanto. Víase ben que tiveron unha agonía atroz. Algúns aínda tiñan os dedos apertando no nariz. Había que separar os mortos, porque estaban enganchados os uns aos outros”⁹¹.

Chelmno “funciona” dende decembro de 1941 a setembro de 1942. A maioría dos xudeus de Lodz son asasinados alí. En abril de 1943, as SS desmontan as instalacións de gaseamento e destrúen o castelo... para reabrir o centro de aniquilación durante os meses de xuño e xullo de 1944, o tempo para liquidar os últimos superviventes do gueto de Lodz. Os días 17 e 18 de xaneiro de 1945, os alemáns destrúen o campo, e con el o comando especial de detidos xudeus. O número de vítimas anda por volta de dúascentas vinte e cinco mil persoas. Despois da guerra só se conseguiu atopar dous superviventes.

Os camións de gas de Chelmno son a primeira manifestación da vontade de destrución radical do xudaísmo polaco. O nome en clave da operación decidida en Wannsee é “*Aktion Reinhardt*”. Comeza en marzo de 1942 e confíase ao xeneral SS austríaco Odilo Globocnik que ten como axudante ao antigo responsábel da “*Aktion T4*”, o comandante da SS,

⁸⁹ R. Hilberg, *La destruction des Juifs d'Europe*, Fayard, 1988, p. 289.

⁹⁰ En Chelmno tamén foron gaseados algúns polacos e prisioneiros de guerra soviéticos.

⁹¹ Un membro do comando especial dos camiións de gas que operaban na URSS, na rexión de Rostov (en *Pour eux...*, p. 68).

Christian Wirth. Globocknik dispón de tres batallóns da policía de orde (mil cincocentos homes), efectivos que proveñen do servizo especial (*Sonderdienst*), e sobre todo axudantes, os *Trawniki* ou *Hiwis*.

A “operación Reinhardt” levanta na primavera de 1942 tres centros de aniquilación ou “centros de exterminio”: Belzec (marzo de 1942), Sobibor (maio de 1942) e Treblinka (xullo de 1942). As gasaxes matan a máis dun millón e medio de persoas en dezoito meses, case exclusivamente xudeus polacos⁹². A “*Aktion Reinhardt*”, comeza cun primeiro asalto contra os xudeus de Lublin en marzo-abril de 1942 (asasinados en Belzec). A matanza retómase a finais de maio de 1942 no distrito de Cracovia, ao tempo que se abre o campo de Sobibor. Por eses días, os xudeus de Alemaña, de Austria, do Protectorado e de Eslovaquia son deportados cara aos guetos que, á súa vez foron baleirados de habitantes. Entre xullo e setembro de 1942, o xudaísmo de Varsovia queda destruído (*cfr. infra*), o das cidades dos arredores tamén, e incluso o de Radom e de Kielce que son asasinados en Treblinka. Máis dun ano despois, entre o 3 e o 5 de novembro de 1943, a “operación Reinhardt” remata coa *Erntefest* (festa da seitura) na que son ametrallados corenta e dous mil xudeus, traballadores dos diferentes comandos.

En 1942 e 1943, preto de seiscentas mil persoas foron asasinadas en Belzec⁹³. Son xudeus procedentes de Alemaña, do Protectorado, do Goberno Xeral e xitanos. Comezouse por instalar tres cámaras de gas e ao final contaba con seis onde asasinaron a preto de cinco mil persoas ao día. Na primavera de 1943, as instalacións son destruídas e as pegadas borradas. En xullo de 1943, o exército vermello prosegue coa súa ofensiva e cruza o lugar sen adiviñar sequera o que alí se construíra.

Sobibor comeza a “funcionar” o 7 de maio de 1942. Este lugar destínase ao asasinato dos xudeus de Lublin, e despois de novembro de 1942 e até outubro de 1943, dos xudeus dos Países Baixos, de Francia, Bélxica, Eslovaquia, do Protectorado, do Reich e máis tarde dos de Vilna e dos de Minks. Arredor de douscentos cincuenta mil xudeus foron exterminados nesas cinco cámaras de gas, así como un número indeterminado de prisioneiros de guerra soviéticos. O 14 de outubro de 1943, rebélanse os trescentos xudeus do *sonderkommando* (comando especial encargado do funcionamento das instalacións). Matan a douscentos e sobreviven trinta. O campo desmantélase despois de novembro de 1943, e como en Belzec, bórranse as pegadas do masacre camuflándoas baixo unha plantación de piñeiros.

A comezos de xullo de 1942, aínda había no gueto de Varsovia trescentos oitenta mil xudeus. Corría o rumor de que se ían producir deportacións inminentes a partir da primavera.

⁹² Tan só no ano 1942, foron deportados 5/6 partes dos xudeus polacos.

⁹³ Orixinalmente era un campo de traballo.

O 22 de xullo pola mañá, a comandancia alemá detén os membros do *Judenrat* e informa o seu presidente, Czerniakow, de que “todos os xudeus serían deportados ao Leste” agás determinadas categorías, entre as cales se atopan os seis mil membros da administración do Consello Xudeu. Que habían de partir a un ritmo de cinco a sete mil ao día dende a *Umschlagplatz*, unha estación acondicionada do gueto dende a que se forman os convois que parten cara a Treblinka, situada a 120 km no nordeste. Ese día, ás 16 h, como precisa a comandancia alemá, deben dirixirse cara ao lugar sinalado seis mil xudeus. A administración xudía ten que asumir esa responsabilidade á custa da súa cabeza. O 23 de xullo polo serán, Czerniakow rexeita asinar o anuncio da deportación e suicídase. “Queren que mate aos nenos do meu pobo coas miñas propias mans”, escribe na súa última mensaxe.

As redadas e deportacións duran sete semanas, a un ritmo de preto de sete mil persoas ao día. A poboación está abatida, desnutrida e aterrada. Seguindo ás ordes alemás, a policía xudía coloca anuncios nos que se prometen tres quilos de pan e un de confitura a quen se dirixa voluntariamente á *Umschlagplatz*. Cada policía xudeu ten que entregar sete persoas ao día se non quere que o “reinstalen” a el e á súa familia. Capturan os nenos (entre os cales se atopan os orfos de Korczak), os vellos, as persoas sen traballo, é dicir, a inmensa maioría. Algúns (oito mil) pasan ao lado “ario”, máis de cinco mil resultan feridos de bala e outros varios miles son asasinados in situ.

Aquilo que todo o mundo cría inconcibíbel produciuse o 12 de setembro: a deportación de preto de trescentas mil persoas a Treblinka onde foron gaseadas inmediatamente. Aínda quedan no gueto uns setenta mil xudeus, a metade dos cales vive clandestinamente. Un mes máis tarde, as diferentes organizacións políticas do gueto chegan ao acordo de organizar unha resistencia.

O que ocorre en Varsovia, repítese en Polonia durante o verán de 1942. Redadas e deportacións⁹⁴ sucédense nun desencadeamento salvaxe, como a 20 km de Varsovia, en Otwock, o 19 de agosto de 1942: “A primeira vítima é a doutora Gliksmanova (...). Sae á rúa tranquilamente para ensinalles aos ucráinos o seu certificado de dentista (...). Estende o certificado cun amábel sorriso e recibe como resposta unha bala na cabeza. Morte.”⁹⁵

⁹⁴ En Otwock, preto de Varsovia: “Rúas desertas, vivendas baleiras, xanelas rotas, portas abertas, trincheiras descoidadamente cubertas de area de onde saían, por veces, ósos humanos rillados polos cans (...) Nos apartamentos tan só quedarían vellos libros sagrados, o resto era mercadería moi prezada polos saqueadores (...) Con respecto ás *tefillin* (filacterias), os zapateiros empregábanos para fabricar botas” (en C. Perechodnik, *Suis-je un meurtrier?*, L. Levi, 1995, p. 133).

⁹⁵ E continúa Perechodnik: “Os ucráinos disparan preferentemente sobre a xente nova, as boas mozas, deixando os vellos, os doentes e os paralíticos “en paz” (...). Un ucráino esgaza unha moza nova chea de saúde. Como non lle quedaban máis balas, colle unha pa e dálle con ela no medio dos peitos até partila en dúas” (en *Suis-je un meurtrier?*, op. cit., p.68).

A meirande parte dos xudeus de Varsovia son asasinados en Treblinka⁹⁶. O campo, comezado en maio de 1942 e rematado o 22 de xullo, foi construído por empresas civís alemás coa man de obra xudía capturada no gueto de Varsovia. Situado preto da vila de Malkinia, na liña ferroviaria Varsovia-Bialystock, é un campo exíguo (200 m por 250 m). Ao final dun percorrido en forma de “S”, con tres metros de ancho, valado a ambas beiras con xestas altas e aramadas de espiño, érguese un galpón de ladrillo onde se instalan as cámaras de gas alimentadas cun motor diésel e disfrazadas como duchas. Os cadáveres son enterrados en foxos de sete metros de profundidade para logo seren queimados a partir da primavera de 1943. A vixilancia do campo está formada por uns trinta SS alemáns e por máis de cen *Trawiniki*. O “comando xudeu” traballa no funcionamento desta fábrica de asasinatos en cadea conta con até mil prisioneiros, que pouco a pouco han ser liquidados.

O proceso de exterminio é o mesmo có de Belzec e Sobibor. Un tren de cincuenta a sesenta vagóns (sete mil persoas) sae de Malkinia e para na estación aldeá de Treblinka. Unha locomotora conduce cara ao interior do campo uns vinte vagóns con SS armados no teito, cans, gardas ucraínos e letóns. Un oficial das SS espera que se pronuncie o discurso ritual e obrigatorio para acalmar e adormecer a desconfianza⁹⁷. Despois de se espiren, as vítimas son conducidas até ao “patio da deportación” a paso lixeiro baixo berros e golpes. Aquí o artificio de acollida xa non é necesario. Mulleres e nenos a un lado, homes a outro, as vítimas agardan aí, algunhas veces dous ou tres días. Ás mulleres córtanlles o pelo e logo gaséanas canda aos nenos, mentres tanto os homes agardan espidos no corredor de xestas. A agonía dura máis de media hora. Logo, o comando xudeu encárgase de recoller os corpos e botalos nas trincheiras, tamén recupera o ouro das dentaduras e limpa as cámaras de gas.

Os vagóns volven a Varsovia despois de seren limpados. Outro equipo de prisioneiros selecciona a roupa e os demais bens roubados. Tamén é o encargado de destruír os documentos de identidade. A partir da primavera de 1943, reábrese os foxos para os corpos seren queimados e os ósos seren machucados e, deste xeito, facer desaparecer calquera tipo de pegada.

En pouco máis de dezaseis meses, son exterminadas máis de novecentas setenta mil persoas en Treblinka, das cales a meirande parte eran xudeus procedentes de Varsovia. O comando xudeu rebélase o 2 de agosto de 1943 e dos setecentos cincuenta prisioneiros que intentan escapar só o conseguen setenta. As instalacións son destruídas a finais de 1943 ante o avance soviético. No lugar en que estaba o campo constrúese unha granxa que se lle confía a un ucraíno. O campo de Maidanek ábrese en outubro de

⁹⁶ Antes de 1942, era un campo de traballo (Treblinka I).

⁹⁷ Tratábase de lavarse e comer antes de encamiñarse cara ao “Leste” para ir traballar...

1941, está preto de Lublin e convértese noutro centro de aniquilación do pobo xudeu onde se gasean⁹⁸ a duascentas mil persoas a partir de marzo de 1942. Ao lado destes lugares de masacre, tamén se crea un campo de traballo ao que son destinados outros deportados (fábricas téxtiles, industria aeronáutica Heinkel) e que resulta destruído pola *Erntefest* (cfr. *supra*) en novembro de 1943. O exército vermello chega ao lugar o 24 de xullo de 1944 e recolle moitas probas do masacre.

Tendo en conta os centros de aniquilación de Chelmo, Belzec, Sobibor e Treblinka, e os massacres cometidos polos *Einsatzgruppen* cómpre anotar que, a Shoah se desenvolveu basicamente fóra do mundo concentracionario.

2. Auschwitz-Birkenau.- Por decisión de Himmler créase o campo de Auschwitz o 27 de abril de 1940, nun lugar de acceso doado (a ferrovía entre Cracovia-Katowice). Diríxeo dende o 4 de maio de 1940 Rudolf Höss, antigo comandante do campo de Sachsenhausen. Sitúase preto da cidade de Oswiecim⁹⁹, na alta Silesia polaca, a 50 km ao Suroeste de Cracovia, na zona anexionada por Alemaña¹⁰⁰. Este lugar medra con tal rapidez que se ha converter no principal centro de asasinato masivo a partir de 1942.

No verán de 1941 chegan os primeiros prisioneiros de guerra soviéticos e despois, a comezos de 1942, os primeiros deportados xudeus de Europa Occidental. Himmler ordena a ampliación do campo en marzo de 1941: para iso Höss ten que construír un campo para trinta mil detidos políticos (e cen mil prisioneiros de guerra soviéticos) no emprazamento da vila de Brzezinka (Birkenau en alemán) a 3 km do campo de Auschwitz. Höss tamén terá que enviarlle á IG. Farben dez mil prisioneiros para unha fábrica destinada á elaboración de caucho e gasolina sintéticas. Paralelamente á construción dos centros de aniquilación dos xudeus, constrúense, dende abril de 1941, as fábricas da Buna (*Buna-Werke*) situadas a 7 km de Auschwitz, despois dun acordo entre as SS e a IG. *Farben-Industrie*. Os detidos son concentrados nun campo especial, unha filial de Auschwitz, no lugar da antiga aldea polaca de Monowice (xermanizado como Monowitz). O primeiro gaseamento con *Zyklon B* (cfr. *infra*), realízase con prisioneiros soviéticos, clasificados como “comunistas fanáticos”, no campo de Birkenau en decembro de 1941. Himmler decide durante o verán de 1942 que Auschwitz se convirta no maior lugar de destrución dos xudeus de Europa Occidental e Meridional polo feito, entre outras razóns, da súa privilexiada situación dentro do sistema ferroviario

⁹⁸ Con óxido de carbono, e máis tarde, con gas *Zyklon B*.

⁹⁹ Tiña dez mil habitantes en 1939 dos cales catro mil eran xudeus.

¹⁰⁰ Esta zona entra no plano de xermanización intensiva, de aí que se realicen obras públicas de grande envergadura, como drenaxe e construción de estradas e edificios.

européu, xa que logo, Auschwitz convértese no epicentro da Shoah entre os anos 1943 e 1944. Daquela conta con tres campos principais¹⁰¹ e dúas de campos satélites. Höss quere industrializar o asasinato en masa despois de ter inspeccionado os centros de aniquilación da “*Aktion Reinhardt*”. El é quen dirixe a construción de “unidades combinadas” que inclúen a antecámara (a sala onde se ispen), a cámara de gas e o forno destinado a destruír os cadáveres. Tamén decide empregar o ácido cianhídrico de acción rápida que forma parte da composición dun insecticida inventado nos anos vinte, o *Zyklon B*¹⁰²..

As seleccións feitas na plataforma da rampla de Birkenau polos médicos alemáns (antigos responsábeis da “*Aktion T4*” como Thilo) vén sendo un proceso regular a partir do 4 de xullo de 1942. O 25 % dos deportados, por veces moitos menos¹⁰³, son enviados “ao traballo”. Rápanos e tatúanos¹⁰⁴ cun número de matrícula. Os outros son enviados a unha morte inmediata. A cadea do asasinato conduce as vítimas nun par de horas dende a rampla do desembarco ás cinzas do crematorio.

A construción dos fornos crematorios foi decidida durante o verán de 1942. Empresas civís alemás constrúen, entre marzo e xuño de 1943, catro “unidades combinadas” (cámara de gas, antecámara onde se ispen e varios fornos). A partir do mes de maio de 1944, os trens entran no campo, preto das cámaras de gas. Despois da “selección”, escólmense os bens roubados, límpanse e envíanse cara a Alemaña. Fúndese o ouro (procedente de dentes, alfaías, moedas e outros obxectos) para así alimentar o Tesouro alemán¹⁰⁵. Os cabelos das mulleres, cortados antes do asasinato, son recuperados e enviados a Alemaña para seren empregados na fabricación de pantuflas destinadas á tripulación dos submarinos.

¹⁰¹ Auschwitz I, o “campo base” segue sendo un campo de concentración, Auschwitz II-Birkenau convértese a partir de 1942 nun lugar de exterminio masivo do pobo xudeu, e Auschwitz III-Monowitz, situado a poucos quilómetros de aí, nun campo de traballo forzado onde operan grandes empresas alemás (e o seu persoal civil) comezando polo seu complexo químico IG. Farben propietario da fábrica de goma sintética Buna.

¹⁰² A filial de Degussa, Degesch, fabrica o gas a medida que os comandos SS o precisan, transportado por un coche coa insignia da Cruz Vermella. O señor Servatius, avogado-defensor de Adolf Eichmann, declara durante o xuízo do nazi en 1961: “Matar tamén é un procedemento médico.” O que foi tomado como un lapsus, cando non o era, dá conta da deriva á que conduce una medicina embargada polo poder dun Estado criminal.

¹⁰³ Algúns convois son completamente aniquilados no momento da súa chegada.

¹⁰⁴ A tatuaxe no antebrazo esquerdo, xeneralízase a partir de febreiro de 1943 no campo de Auschwitz, que ten a particularidade de ser o único do sistema concentracionario que realiza este tipo de marca. Quedan dispensados os alemáns do Reich (prisioneiros políticos) e os *Volksdeutsche* (é dicir os “Alemáns étnicos”), como non podía ser doutra maneira, conforme á clasificación racial nazi.

¹⁰⁵ O roubo acompaña tamén todos os masacres cometidos polos *Einsatzgruppen*. Anton Heidborn, membro dun comando que opera en Babi Yar conta: “Pasamos varios días a estirar billetes de banco que pertencían aos xudeus executados. Na miña opinión, estas cantidades ascendían a millóns. Non sei o que se fixo dese diñeiro. Empaquetámoslos e metémoslos dentro de sacos e logo enviámoslo” (en *Pour eux...*, op. cit., p.62). Os liberadores atopan nos almacéns de Auschwitz máis dun millón de traxes de homes, de vestidos e de abrigos de muller. Atópanse sete toneladas de cabelo humano na sala dos pelamios.

“Daban en berrar cuns gritos espantosos porque sabían o que lles ía pasar. Eu non botei unha ollada pola mira porque o orificio tiña que fecharse inmediatamente despois que botásemos os cristais granulados. Ao cabo dalgúns minutos producíase un silencio. Agardabamos un pouco, de dez a quince minutos quizais, e abriamos a cámara de gas (...) Era un espectáculo horríbel.”¹⁰⁶.

Despois da asfixia, un commando xudeu procede a arrincarlles aos cadáveres tumefactos e tesos como “pedra de basalto” os dentes de ouro. Os corpos son conducidos nun montacargas eléctrico até os crematorios, que no verán de 1944 se atopan completamente sobordados porque se está realizando a destrución de catrocentos cincuenta mil xudeus húngaros. Isto significa que se abaten doce mil persoas ao día en Auschwitz.

Auschwitz é un campo “mixto”, é dicir, campo de concentración e centro de aniquilación. Pero a imbricación é estreita entre as dúas funcións. Dun total de máis de catrocentos mil detidos que pasaron por Auschwitz e que recibiron un número de rexistro (un terzo deles eran mulleres) máis de douscentos mil morreron en poucos meses¹⁰⁷.

Os xudeus seleccionados para o traballo quedan pendentes de morte. Agárdaos a deshumanización programada que comeza coa fame, a sede, o esgotamento polo traballo, os golpes, o asasinato segundo a arbitrariedade do día, e finalmente, as “seleccións periódicas” que tras o recoñecemento dun corpo espido deciden o envío ou non á cámara de gas. As enfermidades, o tifo concretamente, sela o mesmo destino. Xudeus e xitanos¹⁰⁸, máis ca calquera outro tipo humano dos que alí estaban, son sometidos a experiencias médicas sobre a “raza” como o estudo sobre os xemelgos, a tuberculose e o tifo inxectados á mantenta e a vivisección. Estes experimentos sobre o seu corpo forman parte do proxecto de enxenesa e de esterilización masiva das “razas inferiores”. Tamén están expostos a fortes radiacións de raios X nos órganos xenitais como preámbulo de novas fórmulas de destrución masiva.

As firmas alemás (Krupp, Siemens, IG. Farben) cómpranlles ás SS os detidos por catro ou seis marcos diarios, a súa esperanza de vida non supera os catro meses, incluso menos (se se trata das minas de carbón dos arredores, un mes). A “aniquilación mediante o traballo” fora decretada por Himmler en setembro de 1942, pero o decreto de Oswald Pohl, xefe do

¹⁰⁶ ibidem, p.227.

¹⁰⁷ O entramado concentracionario conta con cento trinta e cinco mil detidos en agosto de 1944, están repartidos nos tres campos principais e nos comandos exteriores. Están vixiados por algo máis de tres mil trescentos SS.

¹⁰⁸ Durante a noite do 2 agosto de 1944, asasinan por xunto a dous mil novecentos xitanos do campo, que até daquela foran mantidos nun lugar separado. Son perfectamente conscientes do destino que os agarda porque xa levaban en Auschwitz varios meses.

WVHA¹⁰⁹, xa dispuña en abril de 1942 que “a duración do traballo non implica límite ningún”.

As “seleccións” periódicas de detidos diminúen drasticamente o seu número, sobre todo o dos xudeus a partir de agosto de 1943¹¹⁰. Primo Levi ofrece un testemuño dunha destas “seleccións” feitas por un médico SS: “O *Blockältester* fechou a porta de comunicación entre o *Tagesraum* e o cuarto, abriu as dúas que dan ao exterior, a do *Tagesraum* e a do cuarto; entre esas dúas portas sitúase o árbitro do noso destino na persoa dun suboficial das SS; á súa dereita, está o *Blockältester*, á súa esquerda o furriel da barraca. Cada un de nós sae espido do *Tagesraum*, ao aire frío de outubro, cruza correndo baixo a ollada dos tres homes os poucos pasos que separan as dúas portas, entrega a ficha ao SS e entra pola porta do cuarto. Durante a fracción de segundo que transcorre entre unha pasaxe e outra, o SS decide a sorte de cada un de nós botándolle unha ollada de fronte e outra de costas e pásalle a ficha ao home da dereita ou ao da esquerda: o que significa para cada un de nós a vida ou a morte. Unha barraca de douscentos homes “contrólase” en tres ou catro minutos, e nunha tarde, un campo enteiro composto por doce mil homes”¹¹¹.

Debido á situación militar, Himmler ordena o 26 de novembro de 1944 o desmantelamento do conxunto de instalacións de aniquilación masiva. Das máis de un millón trescentas mil persoas chegadas a Auschwitz entre 1940 e comezos de 1945, morreron máis de un millón cen mil. Das cales, un millón eran xudeus¹¹², asasinados entre febreiro de 1942 e novembro de 1944. Viñan de toda Europa, particularmente de Polonia, de Hungría, dos Países Baixos, de Francia e de Bélxica, e tamén dos confíns de Croacia, de Italia, de Grecia e de Noruega.

III.- A destrución sistemática do pobo xudeu

1. A destrución das comunidades de Europa Central e dos Balcáns.- Despois de Polonia, os lugares nos que se situaban as comunidades xudías máis importantes antes da guerra son, Romanía e Hungría. En Romanía introdúcese unha lexislación antisemita a partir de 1937. O mariscal Antonescu toma o poder en setembro de 1940 aliándose coa Garda de Ferro e os fascistas locais. A partir de aí e até finais de 1941, o terror antisemita abátese sobre o país. A ruptura da alianza entre Antonescu e a Garda de Ferro supón para os xudeus romaneses un receso motivado polo desexo de

¹⁰⁹ Oficina central da administración económica das SS.

¹¹⁰ A Inspección dos campos procura aforrar a man de obra “aria” a partir de 1943 por razóns ligadas á economía de guerra do Reich.

¹¹¹ En *Si c'est un homme*, Ed. Presses-Pocket, p. 136.

¹¹² Canda as vítimas xudías e polacas, cómpre contar vinte un mil xitanos asasinados, quince mil prisioneiros de guerra soviéticos e trece mil deportados doutros países.

conservar a autonomía política porque o mariscal se opón aos planos dos alemáns.

O réxime búlgaro entra en guerra canda Alemaña en abril de 1941 e tamén adopta medidas antixudías que resultan impopulares para o resto da poboación. Os non-xudeus e a igrexa ortodoxa maniféstanlles o seu apoio aos perseguidos. Malia as presións alemás¹¹³, dende o outono de 1943, os poderes públicos teñen que recuar e o goberno mesmo acaba por abolir toda medida discriminatoria en agosto de 1944. Bulgaria ilustra o exemplo dunha nación (ademais aliada do Reich) en que o rexeitamento dunha poboación obrigou a actuar ao goberno no mesmo sentido.

Ao someter a Grecia en 1941, os alemáns destrúen a meirande parte das súas comunidades xudías¹¹⁴ coa axuda de eminentes pronazis a partir de 1943. As deportacións proseguen até 1944 e chegan até as illas máis afastadas (mormente Corfú e Rodas). Iugoslavia mantívose á marxe de toda lexislación discriminatoria antes da guerra, pero o país é masacrado polas forzas do Eixe en abril de 1941. En Serbia e en Bosnia-Herzegovina, o masacre de xudeus é primeiramente obra dos alemáns, concretamente do exército regular axudado pola SS para tal fin, sen embargo, os colaboradores locais son pouco numerosos. As vítimas xudías perecen in situ, a miúdo nos primeiros camións de gas. A cousa é diferente na Croacia pseudo-independente onde os nacionalistas locais, os chamados *Ustachis*, masacran eles mesmos a preto do 80 % da comunidade xudía en condicións de crueldade abominábeis. Na Bosnia-Herzegovina ocupada polos croatas, a maior parte dos xudeus coñecen o mesmo destino en mans dos *Ustachis* entre novembro de 1941 e agosto de 1942. Han morrer ao final da guerra sesenta mil xudeus iugoslavos.

Os acordos de Múnic en 1938 e o desmembramento do seu país en 1939 provocaron un idoiro de saídas de xudeus checoslovacos. En marzo de 1939, Chequia é engulida polo Reich, e a Eslovaquia rural, atrasada e de tradición antisemita recibe de mans alemás unha pseudoindependencia. Os noventa mil xudeus de Bohemia que aínda estaban presentes no país en outubro de 1939, son asasinados pola acción directa dos alemáns. En 1943, quedan menos de nove mil. En Eslovaquia, o goberno exerce dende 1939, unha política de “arianización e espolio” calcada das leis alemás. Entre marzo e xuño de 1942, as SS, os xendarmes eslovacos e as milicias mercenarias *Hlinka* deportan preto de cincuenta e sete mil xudeus. Pero en outubro de 1942, o goberno eslovaco bótase para atrás de forma brusca porque daquela dispón dunha información moi precisa sobre o destino dos deportados. Emporiso, o levantamento nacional de agosto de 1944 arrastra

¹¹³ En marzo de 1943, o oficial SS, Dannecker, que estivera destinado en París, visita a zona. Organiza a deportación dos xudeus de Tracia e de Macedonia que dependían de Bulgaria, pero fracasa coa deportación dos xudeus búlgaros.

¹¹⁴ Comezando pola máis importante, a comunidade de Salónica (cincuenta e cinco mil persoas).

a intervención directa do Reich e a reanudación dos massacres e das deportacións até marzo de 1945.

Os oitocentos mil xudeus húngaros vivían confrontados a unha violenta tradición antisemita antes da guerra. En 1938, Hungría aproba unha lexislación discriminatoria. Non entanto, o “moderado” Kallay chegado ao poder en marzo de 1942, rexeita as deportacións facéndolle ver aos alemáns a importancia dos xudeus nunha economía aliada co esforzo de guerra do Reich. Da mesma maneira cós romenos, Kallay, que se mantén no poder até marzo de 1944, ten como primeira preocupación a afirmación de independencia nacional fronte ao aliado alemán.

Os alemáns invaden Hungría o 19 de marzo de 1944, porque temían que se viñesen abaixo as súas alianzas. Esta invasión venta a morte para os xudeus húngaros que se ven confrontados aos nazis, á unha poboación violentamente antisemita e aos colaboradores locais, os fascistas da Cruz frechada. Eichmann é enviado a Budapest e organiza a deportación de preto de catrocentos cincuenta mil xudeus húngaros cara a Auschwitz en sete semanas, dende o 15 de maio ao 17 de xuño de 1944, perdoándolle a vida á comunidade de Budapest. A inmensa maioría da poboación aproba estas medidas e denuncian os xudeus que se agochan. As protestas son mínimas. En xullo de 1944, a comunidade xudía-húngara queda desmantelada. Non obstante, o almirante Horthy, que seguía sendo o xefe de Estado, non dá o seu consentimento para que se deporten aos xudeus de Budapest. Tamén é certo que o contexto cambiara porque o 6 de xuño de 1944 os Aliados desembarcan en Normandía e nese mesmo mes o exército vermello lanza a súa ofensiva sobre o Surlleste achegándose a Europa Central. Daquela Himmler contemporiza e deixa que interveñan Suecia e Suíza concedéndolles pasaportes aos xudeus de Budapest (sobre todo Suecia, grazas ao traballo de salvamento realizado polo seu cónsul en Budapest, Raoul Wallenberg). De costas a Hitler¹¹⁵, Himmler acepta estudar unha proposta da *American War Refugee Board* (Comité americano para os refuxiados de guerra) que consiste en intercambiar subministracións americanas (camións e medicamentos) a cambio de reféns. Con este fin, suspende a deportación dos xudeus de Budapest, pero como os Aliados rexeitan seguir con estas negociacións retómanse as deportacións e mesmo se intensifican até despois do 15 de outubro de 1944. En efecto, Horthy, presentindo a desfeita segura do Eixe, cambia de rumbo. Pero os alemáns adiántanse e fanse co poder en Budapest apoiándose nos Cruces Frechadas. Para os setenta mil xudeus de Budapest, entregados á furia da poboación, aos matóns fascistas e ás SS, volve comezar a agonía.

¹¹⁵ Cando o soubo, Hitler, furibundo, exclúe a Himmler e a Göring do NSDAP.

2. A destrución das comunidades de Europa Occidental.- Europa Occidental debía ser a terceira das prioridades na política de destrución dos xudeus de Europa, tendo como primeira, por suposto, ao propio Reich e como segundo, o Protectorado. As comunidades xudías de Europa Occidental (Noruega, Dinamarca, Países Baixos, Bélxica, Francia, Luxemburgo e Italia) contaban, en 1939, con pouco máis de cincocentas cincuenta mil persoas.

As deportacións comezan polas comunidades de Alemaña e de Austria, tal e como se decidira na “conferencia” de Wannsee. A metade dos xudeus alemáns xa saíran do Reich antes de setembro de 1939, e unha proporción aínda máis importante de xudeus austríacos abandonaron a súa patria entre a *Anschluss* (marzo de 1938) e o mes de outubro de 1941. Os que quedan son detidos a partir de novembro de 1941 e son deportados ao Leste, en Teresienstadt (Terezín), cara aos guetos de Lodz, de Riga e de Minsk. Dende estes sitios ou son asasinados polos *Einsatzgruppen* (Riga e Minsk) ou deportados a Auschwitz.

En 1942, a RSHA, dirixida por Eichmann, envía un representante a cada un dos tres países occidentais que contan cunha forte comunidade xudía: Francia, Países Baixos e Bélxica. Os alemáns intentan crear alí o equivalente dos Consellos Xudeus¹¹⁶ do Leste. Aquí, como nos outros lugares, do que se trata é de que as propias vítimas se fagan cargo da propia persecución debido a que os efectivos alemáns son modestos. Na Francia ocupada non contan con máis de tres mil axentes e unha cantidade similar nos Países Baixos. Pero as comunidades occidentais están dispersas, están asimiladas á cultura que os rodea e integradas dentro da súa poboación. Non están confrontadas ao antisemitismo masivo que prevalece en Hungría e en Polonia. O 22 de xuño de 1942, Eichmann informa o Ministerio de Asuntos Exteriores alemán do proxecto de deportación masiva de xudeus cara ao Oeste de Europa. Nun primeiro momento, son uns cen mil xudeus de Francia, corenta mil xudeus dos Países Baixos e dez mil xudeus de Bélxica¹¹⁷. Eichmann pide que os primeiros deportados sexan os xudeus estranxeiros, numerosos en Bélxica (máis do 90 %) e en Francia (preto do 50 %) contando coa participación das autoridades locais. Esta iniciativa demostrouse eficaz en Francia (*cfr. infra*) e nos Países Baixos onde a policía colaboraba nos arrestos, pero menos eficaz en Bélxica, en que a policía local se opón á persecución, sobre todo despois do decreto que obrigaba a levar a estrela amarela (xuño de 1942)¹¹⁸.


¹¹⁶ O primeiro créase nos Países Baixos en febreiro de 1941.

¹¹⁷ En 1940, cóntanse arredor de dous mil xudeus en Noruega, oito mil en Dinamarca e preto de cincuenta mil en Italia.

¹¹⁸ En todas partes, os medios colaboracionistas achegaron o seu apoio á persecución: o PPF de Doriot en Francia, os Rexistas das bandas flamencas en Bélxica, o movemento nacionalsocialista de Anton Mussert nos Países Baixos e o *Nasjonal Samling* de Quisling en Noruega.

En Noruega, as deportacións comezan en novembro de 1942. Co beneplácito de Quisling depórtanse a Auschwitz setecentos sesenta xudeus mentres que outros novecentos se refuxian en Suecia, país que mantivera aberta a súa fronteira. Noutros lugares, como en Dinamarca e en Italia, a persecución aberta comeza en 1943. As relacións entre a Dinamarca ocupada e Alemaña tensiónanse outra vez en agosto de 1943 por causa da “cuestión xudía” que volve ao primeiro plano. O representante alemán, Best, decide a deportación por mar dende Copenhague. Despois de arrestaren a un total de catrocentos setenta e cinco xudeus, prodúcese o rexeitamento do rei Christian IX, do clero e da maioría da poboación, que consegue subtraer a pequena comunidade xudía da deportación¹¹⁹ transportándoa en barcos pequenos, en poucos días (primeira semana de outubro de 1943), cara ás costas Suecas, que se atopan a unha distancia de 7 a 20 km¹²⁰.

A verdadeira violencia antixudía comeza en Italia despois da caída do *Duce* en xullo de 1943 e a invasión alemá en setembro do mesmo ano. En primeiro lugar, contra os xudeus de Roma en outubro de 1943 e despois, contra os do país enteiro a partir do mes de novembro. A comezos de decembro de 1943, os primeiros convois de deportación marchan cara a Auschwitz, neste caso só os alemáns participaron na organización dos “envíos”.



¹¹⁹ Con todo, foron deportados e Terezin uns cincocentos xudeus daneses.

¹²⁰ Agás excepcións, os xudeus de Finlandia non foron perseguidos.

Os primeiros grandes convois de deportados xudeus saen de Europa Occidental durante o verán de 1944, dende Francia e Bélxica o 31 de xullo de 1944 e o 3 de setembro de 1944 dende os Países Baixos. En Italia, as deportacións continúan durante o outono de 1944 e o inverno de 1945 porque un último convoi sae de Trieste cara a Bergen-Belsen o 24 de febreiro de 1945.

Morreron cerca de douscentos trinta mil xudeus de Europa Occidental (*cfr.* Mapa II). Os Países Baixos coñeceron as perdas máis importantes (o 75 % da comunidade) mentres que Francia perdeu un cuarto da súa. Esta disparidade non se debe unicamente á solidariedade da poboación local (como os Países Baixos onde a poboación soubo mostrarse solidaria e onde a porcentaxe das perdas, no entanto, foi enorme), senón á xeografía e a factores históricos de maior entidade como a antigüidade de asimilación e o consenso político que os subxacen.

3. Francia.- Por vontade propia, o réxime de Vichy inaugura unha política antisemita de Estado, en parte beneficiada por unha revolución nacional que marca o retorno inesperado ao poder da contrailustración. Entre o 3 e o 8 de outubro de 1940, o Estado francés do mariscal Pétain promulga o Estatuto dos israelitas franceses, a lei sobre os xudeus estranxeiros e a derogación do decreto Crémieux.

O antisemitismo católico e nacional de Vichy dótese en marzo de 1941 dunha ferramenta administrativa, o Comisariado xeral para Cuestións xudías á cabeza do cal se nomea a Xavier Vallat. Tres meses máis tarde, Vichy promulga un segundo Estatuto sobre os xudeus, máis severo aínda có de outubro de 1940 e amplía o censo á zona do Sur ao mesmo tempo que organiza, a partir de xuño de 1941, a “arianización” dos bens xudeus. Sobre este terreo de antisemitismo de Estado, ráchase con un século e medio de emancipación, e aí é onde a política alemá vai ter que empregarse a fondo. En primeiro lugar, para internar os xudeus estranxeiros co fin de encerralos no campo de Drancy nos arrabaldes do Norte de París (finais de 1941). Coa mediación de Vichy, a potencia ocupante organiza en novembro de 1941 a Unión Xeral dos Israelitas de Francia, asociación á que se deben afiliar obrigatoriamente todos os xudeus de Francia e á que lle deben pagar un imposto individual que se fará efectivo a partir de 1943. O 27 de marzo de 1942, os alemáns organizan a saída do primeiro convoi xudeu cara á deportación. O 2 de xullo de 1942, Bousquet, secretario xeral do Ministerio de Interior para a policía, asina coas autoridades de ocupación o convenio de cooperación policial que pon a policía francesa ao servizo da represión antixudía. Con estas vontades unidas realízanse as redadas de xudeus estranxeiros na rexión parisiense dos días 16 e 17 de xullo de 1942 (redada bautizada co nome de Velódromo de Inverno, *Vel d’Hiv*) e da zona Sur (26 de agosto de 1942) levadas a cabo unicamente

pola policía francesa. Isto supón unha novidade por tratarse dun caso único en Europa : os xudeus son arrestados nunha zona non ocupada por Alemaña e despois entregados a esta vía a liña de demarcación, isto é, trasladados á zona de Francia efectivamente ocupada polos alemáns . A batida contra os xudeus intensifícase en 1943 e en 1944. A “comunidade xudía” de Francia está nesa altura completamente esnaquizada. As principais vítimas da persecución son os xudeus estranxeiros e apátridas, últimos chegados e os máis pobres de todos. En 1944, dous terzos dos xudeus viven na clandestinidade, axudados pola poboación local ou pola igrexa, a través de redes asistenciais, xudías e non xudías, integradas na resistencia, tamén tanto xudía como non xudía e que se beneficiaban, ás veces, de lugares de asilo exemplares, como a zona de ocupación italiana entre novembro de 1942 e setembro de 1943.

A imposibilidade de crear en Francia os guetos, século e medio de integración e emancipación, a dispersión dos xudeus e a frecuente axuda dos medios locais, e en fin, o papel da xeografía explican que o resultado non fose máis pesado.

IV.- Que desaparezan as pegadas

Nun primeiro momento os cadáveres foron enterrados nuns xigantescos foxos comúns. Conforme se afasta a perspectiva dunha vitoria rápida para Alemaña, aumenta o medo de que se descubran os foxos comúns. Pero ao mesmo tempo, a amplitude do crime resulta ser o aliado máis seguro da súa negación e todos se conciencian de que, no futuro, pode que sexa posíbel e “mesmo probábel” que se poña en dúbida a realidade dos massacres¹²¹.

En xuño de 1942, Himmler crea o commando secreto “1005” (liderado polo coronel da SS, Paul Blobel, que fora o responsábel de Babi Yar). A súa misión consiste en volver abrir os foxos das matanzas de 1941 e 1942, sacar os cadáveres, queimalos e facer desaparecer as pegadas, colmar os foxos, sementar herbais e plantar árbores (mesmo reducir a cinza os ósos máis duros que logo se botarán polos ríos adiante ou se utilizarán como abono de fosfatos, illante térmico e incluso para acondicionar corredoiras como conta Primo Levi que se facía en Birkenau). En outono

¹²¹ Eisenhower inspecciona o 12 de abril de 1945 o campo de Ohrdruf, acompañado dos xenerais Patton e Bradley. Ohrdruf é un *kommando* que depende do campo de concentración de Buchenwald; o exército americano liberáralo o 6 de abril. Eisenhower escribe en 1946: “Estiven inspeccionando até os últimos currunchos do campo porque estimaba que nun futuro había de ser o meu deber estar en condicións de testemuñar sobre as miñas propias experiencias con estes acontecementos, e deste xeito, prepararnos para o caso en que se desenvolvese, algún día, nos nosos países, a crenza ou a suposición segundo a cal as historias sobre as brutalidades nazis non eran máis ca propaganda” (en D. Eisenhower, *Eisenhower's Own Story on the War*, Arco, 1946).

de 1942, os corpos amoreados nos foxos que se atopaban preto de Sobibor e Belzec son retirados e queimados. Logo, chégalle a vez a Treblinka en 1943. En Auschwitz, os corpos son queimados ao aire libre antes da construción dos crematorios: “ (...) Cando o lume prendía de verdade, botábanse os demais cadáveres. A graxa que se depositaba no fondo do foxo había que quitala a caldeiros e volvíase botar no lume para acelerar o proceso de combustión. Cando había vento do Oeste, o cheiro dos corpos chegaba até o campo”¹²². A partir de finais de 1943, Birkenau e os seus crematorios, que podían queimar 8 000 corpos ao día, asumen durante un ano enteiro o esencial da destrución dos xudeus de Europa. A “Solución Final da cuestión xudía”, expresión elocuente de seu, quixo que fose, dende o comezo até ao fin, unha operación co carimbo “segredo de Estado”. De aí que a linguaxe empregada polos burócratas do asasinato fose travestido e camuflado. Pero este segredo tamén ten algo que ver coa protección da conciencia: o rexeitamento do horror obriga a maquillar o vocabulario. Os asasinados aínda precisan eufemizar o crime. As palabras “morte”, “gaseamento”, “fusilamento” ou “exterminio” aparecen moi esporadicamente nos documentos internos. Esta linguaxe de pantalla tamén ten unha dobre función, unha externa, impedir a difusión do segredo de Estado, e a outra interna, a autoprotección psicolóxica. Ao gaseamento chámanlle “tratamento especial” (*Sonderbehandlung*), as cámaras de gas, denomínanse “instalacións especiais” (*Spezialeinrichtungen*), e a liquidación unhas veces denomínase “evacuación” e outras “reinstalación ao Leste”. Aos condenados xudeus que se ven obrigados a abrir os foxos non se lles está permitido falar de “cadáveres” ou “víctimas”, senón que deben denominalos “trapos”, “monicreques” ou “toros de madeira”. As execucións masivas perpetradas polos *Einsatzgruppen*, e que lle valen aos seus responsábeis promocións e condecoracións, son designadas baixo a perífrase eufemística “cumprimento dunha misión especial de guerra”. Como a expresión “tratamento especial” xa non enganaba a ninguén, Himmler manda en abril de 1943 que se empregue no sucesivo o termo “peneirar”.

Tanto os asasinados como as súas vítimas previron a futura negación do crime. Shloyme Frank apunta no seu xornal con data o 9 de agosto 1942: “Cando remate a guerra (...), é seguro que aínda ha de haber xente que diga: “ El (o supervivente xudeu) no puido ver todo iso polo simple feito de que quen asista a semellantes sufrimentos acabaría por perder o sentido”. E ademais, non van crer que estas cousas puidesen producirse dentro do cerne da cultura Europea ¹²³ ...”

Perante a chegada das tropas soviéticas, os Alemáns evacúan ás prásas os principais campos de concentración, entre os cales Auschwitz ocupa o

¹²² Höss, comandante de Auschwitz, en *Pour eux... op. cit.*, p. 243.

¹²³ En *Le Monde juif*, núm. 154, maio 1995, p. 71.

primeiro lugar. A destrución dos documentos comezara no mes de xullo de 1944, pero ao mesmo tempo que se vai concretando a desfeita alemá, vaise ampliando a vontade xenocida convertendo a “cuestión xudía” en cuestión prioritaria dunha potencia que mingua conforme se retira.

O 25 de agosto de 1944, sae de Lodz o derradeiro transporte de xudeus con destino a Auschwitz. A comezos de novembro de 1944, Eichmann ordena a deportación de vinte mil xudeus de Budapest en dirección a Austria, e dende aquí envíaos a diferentes campos. Tamén en febreiro de 1945, sae de Trieste o derradeiro convoi de xudeus e os derradeiros xudeus eslovacos acaban en Theresienstadt. Con todo, a potencia alemá está sendo acurralada. O 17 de xaneiro de 1945, o Exército vermello entra en Varsovia, dous días despois tamén entra en Lodz onde quedan novecentos superviventes xudeus.

O 17 de xaneiro de 1945 realízase en Auschwitz o derradeiro chamamento para o reconto. Os días 18 e 19 de xaneiro, cincuenta e oito mil prisioneiros (de sesenta e sete mil) son obrigados a evacuar o campo a pé baixo un frío polar. Entre o día 20 e o día 27 de xaneiro, as SS axudados por firmas civís, fai desaparecer un gran número de pegadas comezando por moitos dos arquivos. Destrúe os crematorios¹²⁴ o derradeiro dos cales salta polos aires o día 27 de xaneiro á unha da mañá. Ese mesmo día pola tarde, entran en Auschwitz e Birkenau as unidades soviéticas onde atopan a sete mil detidos nun estado que daba dó velos.

O resto comezara unha marcha de espanto baixo o frío e o terror: a pé ou en vehículos sen teito, conxelados, sen alimento nin auga e rematados ante o máis mínimo signo de debilidade. Para desembarazarse do convoi, algúns SS, ás veces coa axuda de detidos alemáns, metralan os seus prisioneiros. Os superviventes son conducidos ao cabo de varias semanas a campos de concentración situados máis ao Oeste, Dachau, Buchenwald, Ravensbrück, Mauthausen, Gross Rosen e Bergen-Belsen.

A saña inunda os últimos días do Reich: cómpre que os Aliados non se fagan coas pegadas aínda vivas do crime en masa, e que a “catástrofe alemá” constitúa tamén o último suspiro do pobo xudeu como repite unha e outra vez Hitler nas últimas semanas do inverno de 1945. Dos catro mil xudeus húngaros embarcados na “marcha da morte” que os conducen dende Auschwitz até Mathausen e despois até Ebensee (Austria), campo satélite de Mathausen, quedan trescentos superviventes o 5 de maio de 1945 cando os libera o exército americano. Saña tamén a que se produce en Gardelegen a finais de abril de 1945 onde centos de deportados xudeus son

¹²⁴ Os crematorios II e III foron desmantelados en decembro de 1944 e xaneiro de 1945 respectivamente. Non se completa a destrución debido ao avance do exército vermello. Os armazóns de cemento armado dinamítanse o 20 de xaneiro, e o crematorio V destrúese o 22 de xaneiro. Ao día seguinte, os Alemáns queiman o depósito de obxectos roubados chamado polos detidos o “Canadá”.

encerrados nunha granxa e queimados vivos polas mocidades Hitlerianas locais.

Nestas “marchas” ou “evacuacións” e debido ao amoreamento dos campos ateigados, morren entre douscentos cincuenta mil e trescentos cincuenta mil deportados (dos cales máis da metade son xudeus). As liberacións prodúcense de xeito caótico, desordenado, de modo que as mortes aínda son máis numerosas despois da liberación (que na práctica é ademais unha aniquilación dos campos), todo isto debido ao deplorábel estado sanitario e á extrema debilidade da meirande parte dos superviventes. O exército británico libera Bergen-Belsen, pero por temor ao tifo, pon o campo en corentena: trece mil dos douscentos cincuenta mil prisioneiros hospitalizados sucumben nas semanas seguintes a esta liberación.